

## MESA SECTORIAL 22/11/2022

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe comezamos por examinar o **Anteproxecto de Orde pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.**

O primeiro que salientamos é a cuestionable práctica por parte dalgúns inspectores de fixar unha data próxima para presentar as **programacións** cando a propia administración aínda non ten publicado o currículo oficial e os docentes non recibiron suficiente formación coa ferramenta PROENS. **A Consellería responde que todos os docentes que solicitaron a formación foron aceptados e realizaron a formación ou a van realizar próximamente. As solicitudes para participar no curso están entorno a un 30% do profesorado activo. Asemade vaise continuar mellorando a aplicación PROENS. Con respecto á data de entrega de programacións, a Consellería explica que se deron instrucións para aplicar toda a flexibilidade posible fixando o obxectivo de entrega en finais de novembro e principios de decembro.**

Tamén criticamos que a **maneira en que se regula a oferta de materias optativas.** Por unha banda aplícase o requisito dun número mínimo de alumnos e ademais, por outra banda permítese non ofertar algunhas materias baseándose en “motivos organizativos”. Esta redacción non permite asegurar a dispoñibilidade de opcións do alumnado do rural. Débese modificar o artigo 4 neste sentido. **A administración entende que se está a actuar con flexibilidade suficiente neste sentido, pero a impartición dunha materia con un ou dous alumnos non pode converterse nunha regra.**

Con relación ó **profesorado habilitado para impartir “Anatomía Aplicada”** sumámonos á petición do colectivo de profesores de Educación Física para que sexan incluídos. **A administración comprométese a revisar ese punto.**

Tratamos a continuación a **Orde pola que se convocarán procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores** de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres.

O primeiro que lamentamos é que a Consellería non opte por convocar as prazas de reposición. A consecuencia vai ser unha oferta extremadamente reducida que apenas presenta oportunidades reais de obter praza. En consecuencia pedímoslle á administración que divulgue información clara sobre os efectos da presentación de cara á permanencia ou acceso ás listas de substitucións. É fundamental que, cunha oferta mínima, os aspirantes teñan claras as súas expectativas. **A Consellería recorda o acordo polo que a participación nestas oposicións non será obrigatoria para a permanencia en listas daquelas persoas que xa teñan o posto consolidado. Sen embargo, si podería ter consecuencias negativas para un eventual pago compensatorio no caso de perda de traballo.**

No mesmo sentido, pedimos que o prazo de presentación de instancias neste proceso sexa posterior á resolución provisional do concurso de estabilización. Isto posibilitaría que os aspirantes teñan a maior información posible da súa situación antes de decidir participar nas oposicións ou non. **A Consellería indica que teñen prevista a resolución provisional do concurso a principios de marzo, non será previa ó prazo de solicitudes, pero si antes da realización das probas. Está previsto que a convocatoria de oposicións se publique cara ó 28 de decembro.**

Pedimos instrucións con respecto á lexislación aplicable ó presentar unidades didácticas nos cursos pares. Nese sentido deberían actualizarse tamén as rúbricas de corrección que aínda fan mención ós “estándares de aprendizaxe”. **A Consellería indica que se debería utilizar sempre LOMLOE.**

Ó respecto do baremo pedimos que os aspirantes poidan remitirse á documentación que xa consta na Consellería e non teñan que volver presentar méritos que xa constan no seu expediente. **A administración comprométese a darlle acceso ós tribunais ós méritos dos aspirantes. Deste xeito os aspirantes non precisarán aportar documentación que xa conste no seu expediente.**

**No apartado de varios tratamos os seguintes temas** que nos fixestes chegar:

Ó respecto do **incidente producido onte, último día de prazo para participar no concurso de estabilización, no portal da Axencia Tributaria de Galicia**, pedimos que se aclare o xeito no que deben proceder os aspirantes que non puideron pagar as taxas. En todo caso, queremos que se asegure que as persoas que presentaron a instancia sen poder efectuar o seu pagamento se admitan no concurso e reciban instrucións de como efectuar tal pagamento. **A Consellería manifesta que deben efectuar o pago e esperar ás resolucións provisionais para que fagan as reclamacións oportunas. Por outra banda adiantan que se recibiron en torno a 12.000 solicitudes de participación no concurso excepcional por parte de 11.000 solicitantes.**

Tamén estamos a detectar un problema co **profesorado galego que aspira a participar na convocatoria de AEEE**. O feito de traballar como profesor en programas AICLE/CLIL non está correctamente acreditado. Só dispoñemos da acreditación da formación, non de desenvolver a función. Polo tanto, estes certificados non son válidos e os docentes aspirantes perden puntuación todos os anos. Pedimos que se estableza un procedemento para certificar o traballo desenvolto dos docentes que imparten materias nun idioma estranxeiro. **A administración comprométese a analizar o problema.**

A continuación preguntamos polas datas previstas de **resolución provisional do CXT**. **A administración traslada que sairán a mediados de febreiro.**



Servizos  
Públicos

Ensino

# ATENDÉMOSTE MOI CERCA



## A CORUÑA

Avda. Fernández La Torre 27, 3º  
15006 A Coruña  
Tlf. 981 248 471  
ensino.coruna@ugt-sp.ugt.org



## FERROL

Rúa do Carme, 43-45, 2º  
15402 Ferrol (A Coruña)  
Tlf. 981359131  
ensino.ferrol@ugt-sp.ugt.org



## COMPOSTELA

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º  
15707 Santiago (A Coruña)  
Tlf. 981573634  
ensino.compostela@ugt-sp.ugt.org



## PONTEVEDRA

Av. Pasantería 1, 1º  
36002 Pontevedra  
Tlf. 986858413  
ensino.pontevedra@ugt-sp.ugt.org



## VIGO

Av. García Barbón 67, 6º  
36201 Vigo (Pontevedra)  
Tlf. 886132759  
ensino.vigo@ugt-sp.ugt.org



## OURENSE

A Parque San Lázaro 12, 1º  
32003 Ourense  
Tlf. 988 23 77 90  
ensino.ourense@ugt-sp.ugt.org



## AROUSA

Rúa Castelao 22. Baixo  
36600 Vilagarcía (Pontevedra)  
Tlf. 986 511213  
ensino.arousa@ugt-sp.ugt.org



## LUGO

Ronda da Muralla 58, 1º  
27003 Lugo  
Tlf. 982221854  
ensino.lugo@ugt-sp.ugt.org